



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2023/24 |
|-----------------------|--|----------|--------------------|---------------------|---------|
| Asignatura (*) | As Ciencias Sociais no Ensino Secundario | | Código | 652604412 | |
| Titulación | 10 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Ciencias Sociais (Geografía e Historia) | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Mestrado Oficial | Anual | Primeiro | Obrigatoria | 4 | |
| Idioma | Castelán | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | | |
| Coordinación | Pérez Guilarte, Yamilé | | Correo electrónico | yamile.perez@udc.es | |
| Profesorado | Pérez Guilarte, Yamilé | | Correo electrónico | yamile.perez@udc.es | |
| Web | https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/UD45L | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia constitúe unha dimensión crave na formación docente do profesorado, xa que se centra nos procesos de ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais. Con ela preténdese dar a coñecer os contidos curriculares da materia desde unha perspectiva reflexiva e atenta aos diversos graos de concreción do currículo. Ademais, ten como obxectivo o estudo da evolución do ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais, as súas perspectivas e enfoques actuais e as súas achegas educativas para a Educación Secundaria e o Bacharelato. | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|--|
| A1 | (CE-E1) Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización. |
| A2 | (CE-E2) Coñecer os contidos que se cursan nas respectivas ensinanzas |
| A3 | (CE-E3) Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas. |
| A4 | (CE-E4) Coñecer contextos e situacións nas que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares |
| A5 | (CE-E5) Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes. |
| A6 | (CE-E6) Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo. |
| A7 | (CE-E7) Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos. |
| A8 | (CE-E8) Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas das e dos estudantes. |
| A9 | (CE-E9) Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe. |
| A10 | (CE-E10) Coñecer estratexias e procedimentos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulamentación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo. |
| A11 | (CE-E11) Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada. |
| A12 | (CE-E12) Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación empregando indicadores de calidade. |
| A13 | (CE-E13) Identificar os problemas relativos ao ensino e aprendizaxe das materias da especialización e propor alternativas e solucións. |
| A14 | (CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade. |
| B1 | (CE-G1) Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións. |
| B2 | (CE-G2) Comprender o desenvolvemento da personalidade de estes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe. |
| B3 | (CE-G3) Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecimentos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. |
| B4 | (CE-G4) Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes. |
| B5 | (CE-G5) Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas. |
| B6 | (CE-G6) Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país. |
| B8 | (CE-G8) Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá. |
| B14 | (CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade. |
| C1 | N.1. Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma. |



| | |
|----|---|
| C3 | N.3. Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | N.4. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6 | N.6. Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | N.7. Asumir como profesional e cidadán/cidadá a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | N.8. Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| C9 | |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|----------------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer o valor formativo do ensino das Ciencias Sociais na Educación Secundaria e no Bacharelato. | AP1 AP2 AP11 | BP6 BP8 BP14 | CP4 CP6 CP7 CP8 CP9 |
| Adquirir as competencias necesarias para o ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais na Educación Secundaria e no Bacharelato. | AP2 AP8 AP9 AP11 AP12 AP14 | BP1 BP2 BP5 BP8 BP14 | CP1 CP3 CP4 CP6 CP7 CP8 |
| Coñecer o currículo das ciencias sociais da Educación Secundaria e do Bacharelato. Analizar as metas educativas, a selección e organización dos contidos, as estratexias de ensino e aprendizaxe e os criterios e formas da avaliación. | AP2 AP4 AP5 AP6 AP7 AP10 | BP2 BP3 BP4 BP5 BP8 | CP3 CP4 CP6 CP7 CP8 |
| Reflexionar sobre a evolución do ensino das Ciencias Sociais, as súas perspectivas e enfoques actuais e as súas aportacións educativas. | AP3 AP11 AP12 AP13 | BP1 BP6 | CP3 CP4 CP6 CP7 CP8 |
| Adquirir competencias para transferir á práctica os coñecementos teóricos e deseñar propostas didácticas innovadoras que melloren as prácticas de ensino e aprendizaxe das ciencias sociais no contexto educativo da etapa de Educación Secundaria e o Bacharelato. | AP4 AP5 AP6 AP7 AP8 AP13 | BP3 BP4 BP6 BP8 | CP3 CP4 CP6 CP8 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| Tema 1. As Ciencias Sociais no currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. | <ul style="list-style-type: none"> - A Didáctica das Ciencias Sociais como área de coñecemento. - Competencias do profesorado no ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais. - Ciencias Sociais, Xeografía e Historia nos currículos de ESO e Bacharelato: obxectivos, competencias, contidos e instrumentos metodolóxicos. - Selección e organización dos contidos de Ciencias Sociais e a súa relación coas ciencias referentes. |



| | |
|--|---|
| Tema 2: A evolución do ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais, perspectivas actuais e achegas educativas. | <ul style="list-style-type: none"> - Valor formativo do ensino das Ciencias Sociais nestes niveis educativos. - Evolución do ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais: modelos curriculares. - Perspectivas e enfoques actuais das Ciencias Sociais e as súas achegas educativas. |
| Tema 3. Estratexias didácticas no ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais na Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. | <ul style="list-style-type: none"> - Concepcións e dificultades que presenta o alumnado en relación cos contidos sociais. - Estratexias de ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais. - Orientacións e criterios para a análise e a elaboración de materiais curriculares. A avaliación en Ciencias Sociais. As unidades didácticas en Ciencias Sociais. |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A1 A2 A3 A10 B6 | 1 | 3 | 4 |
| Análise de fontes documentais | A2 A5 A7 A12 A14 B14 C4 | 2 | 6 | 8 |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 A14 B3 B4 B5 B8 B14 C3 C1 C4 C6 C7 C8 | 5 | 24 | 29 |
| Presentación oral | A9 A14 B8 C3 C1 C4 | 2 | 8 | 10 |
| Sesión maxistral | A9 B1 B3 B4 B5 C4 C6 | 14 | 6 | 20 |
| Aprendizaxe colaborativa | A1 A7 A8 A9 A14 B1 B2 B8 C1 C9 C7 | 4 | 17 | 21 |
| Atención personalizada | | 8 | 0 | 8 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Antes de iniciar os temas do programa desenvolveranse actividades que permitan coñecer os saberes previos do alumnado respecto ás ciencias sociais, as competencias, intereses e motivacións que posúen para o logro dos obxectivos finais que queremos alcanzar nesta materia |
| Análise de fontes documentais | Realizaranse actividades para o coñecemento de fontes documentais de ampla diversidade que acheguen información acerca de contidos e, sobre todo, recursos didácticos en relación co ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais. |
| Traballos tutelados | A aprendizaxe de metodoloxías para a súa aplicación didáctica concretarase na elaboración dun estudo ou traballo acerca dalgunha das temáticas consideradas no ámbito das ciencias sociais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes. |
| Presentación oral | Os traballos de pequeno grupo serán obxecto de exposición na aula, xa que facilitan a adquisición das destrezas explicativas fundamentais para o desenvolvemento da profesión de mestres/as. |
| Sesión maxistral | As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. A partir dos esquemas iniciais e co apoio de documentación específica, iranse desenvolvendo a parte teórica dos contidos conceptuais da materia mediante metodoloxía explicativa. |
| Aprendizaxe colaborativa | Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común e toma de decisións. |

Atención personalizada



| Metodoloxías | Descrición |
|---|--|
| Presentación oral Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa Análise de fontes documentais Sesión maxistral | Os traballos terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas. O alumnado con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas polo docente, e terá atención personalizada no horario de titorías, para aclarar dúbidas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia. |

| Avaliación | | | |
|-------------------------------|--|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Presentación oral | A9 A14 B8 C3 C1 C4 | Presentación dos traballos desenvolvidos na aula en pequenos grupos. | 20 |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 A14 B3 B4 B5 B8 B14 C3 C1 C4 C6 C7 C8 | Elaboración dun traballo en grupo acerca dalgunha das temáticas dentro do ámbito das ciencias sociais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes. | 40 |
| Aprendizaxe colaborativa | A1 A7 A8 A9 A14 B1 B2 B8 C1 C9 C7 | Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común, toma de decisións, comprensión do grupo como unha tarefa única. | 20 |
| Análise de fontes documentais | A2 A5 A7 A12 A14 B14 C4 | Realización de análises e reflexións a partir de diversas fontes documentais. | 20 |

Observacións avaliación



- Na avaliación terase en conta a participación e dedicación á materia, tanto na aula como nas actividades realizadas fóra da mesma.
- O alumnado que non supere a avaliación continua a partir das metodoloxías presentes na materia ou asista a menos do 80% das sesións terá que superar unha proba obxectiva.

- Nos traballos a realizar o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento. Igualmente, será imprescindíbel a corrección lingüística á hora de dar por superados os devanditos traballos.

- A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Alumnado con recoñecemento de dispensa académica

Segundo o establecido na " NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO E A PERMANENCIA E A PROGRESIÓN DOS ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (aprobada polo Consello Social do 04/05/2017):

1.

Deberá poñelo en coñecemento do docente na primeira semana de clase, ou, se isto non fora posible, nun prazo non superior a 7 días desde que lle fora concedido o recoñecemento.

2.

Terán que realizar, individualmente, todas as actividades/traballos propostos ao longo do curso e entregalos nas datas establecidas polo docente. Se non se cumpre a entrega na data sinalada considerarase ?Non presentado?.

3.

A cualificación será a media ponderada das notas das actividades e traballos realizados durante o curso e da nota da proba realizada na data do calendario oficial de exames, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5 sobre 10) para poder superar a materia. No caso de non superar algunha das partes na primeira oportunidade, deberán repetir na segunda oportunidade as partes non aprobadas (actividades/traballos e/ou proba).



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <p>Albert M.; Fuentes, C.; Gutiérrez, J. M.; Hernández Cardona, F. X; López Facal, R.; Miralles, P.; Molina, S.; Prats, J.; Rivero, P.; Santacana, J. (2011). Geografía y la historia. Investigación, innovación y buenas prácticas. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 3. Barcelona: Editorial Graó. Batllori, R. y Casas, M. (2000). El conflicto y la diferenciación. Conceptos clave en la enseñanza de las ciencias sociales. Lleida: Editorial Milenio. García Pascual, F.; González Gallego, I.; López Facal, R.; Moradiellos, E.; Prats, J.; Prieto-Puga, R.; Valls, R. (2011). Geografía e historia. Complementos de formación disciplinar. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 1. Barcelona: Editorial Graó. Grupo Ínsula Barataria (Coord.) Enseñar y aprender ciencias sociales. Algunas propuestas de modelos didácticos. Madrid: Mare Nostrum Ediciones Didácticas. Hernández, A. M. (Coord.) (2019). Estrategias y recursos didácticos para la enseñanza de las Ciencias Sociales. Madrid: Ediciones Pirámide. Prats, J.; Prieto-Puga, R.; Santacana, J.; Souto, X.; Trepát, C. A. (2011). Didáctica de la geografía y la historia. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 2. Barcelona: Editorial Graó.</p> |
| Bibliografía complementaria | <p>Segundo avance o curso, iranse proporcionando outras referencias máis específicas para complementar o traballo en clase.</p> |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

- Trátase dunha materia que se realizará, principalmente, cunha metodoloxía de participación activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. É por isto polo que a asistencia e participación, en todas e cada unha das actividades desenvolvidas no contexto da materia, será fundamental.- A entrega dos traballos realizarase telemáticamente, na plataforma correspondente, se non é posible, non deben empregarse plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.- Debe facerse un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural e ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos personais e profesionais.-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)-Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías